

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, realiza a seguinte **pregunta oral** para resposta en **Pleno, relacionada cos postos de celadores e celadoras e as súas atribucións profesionais no Novo hospital de Vigo.**

No marco da privatización sanitaria do Novo hospital de Vigo, a Xunta de Galicia decidiu dar un paso máis permitindo a aparición dunha “nova figura” profesional privada: persoal de Transporte Interno e Xestión Auxiliar ou TIGA (polas siglas en castelán). Esta figura non é máis que unha ocupación que sustrae as funcións dos celadores e celadoras públicas, persoal sanitario que ata o de agora para poder acceder a unha praza debía pasar por unha OPE na que, entre outras cousas, eran avaliados os seus coñecementos na utilización de instrumentais, normas de hixiene e seguridade, esterilización, traslado de documentos, etc.

O persoal TIGA non só non pasa por dita avaliación, nin ten esixencia de coñecementos, se non que, sendo persoal subcontratado, ao igual que sucede co resto de servizos privatizados tenden a ter inferiores salarios, peores condicións laborais e planteis máis reducidos.

Son diversas as denuncias dende a chegada deste persoal, indo dende a ausencia de uniformidade, roupa non axeitada, transporte de citostáticos sen os coidados axeitados, insuficiente plantilla... ata a obvia redución de persoal público que supón, patente coa eliminación de varios postos de celadores e celadoras contratadas.

Dados estes antecedentes, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) pregunta:



Cales son as características desta nova contratación (número persoal, tipo contrato, empresa, obrigas posto traballo, confidencialidade, etc.?)

Compostela, 22 de setembro de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/09/2015 18:34:29